



Teatro Principal
de Ourense

HISTORIA DO TEATRO

O Teatro Principal foi construído no ano 1830 segundo comenta a lenda da cidade, porque o liberal Santiago Sáez, tivo problemas para entrar noutro lugar onde se expoñían obras de teatro e actos culturais. Esa prohibición para entra invitouno a construír un teatro no que el e a súa familia terían sempre un palco libre onde puidesen deixar constancia do seu poderío económico e mostrarlle ós seus detractores que se equivocaran coa súa ideoloxía. Este novo teatro constrúese seguindo un modelo italiano a cabalo do barroco e do romanticismos, moi de moda naqueles tempos, como aconteceu coa Infanta Beatriz de Madrid ou o de Pontevedra.

Constrúese este teatro nunha cidade que no 1830 non tiña serenos ni farolas.

Un documento que proba a existencia deste teatro e do seu propietario, é o “Diccionario Geográfico-Estadístico e Histórico” de Pascual Madoz de 1495 -único inventario plausible- do cal reproducimo-lo texto dentro da descrición de Ourense capital e no que se fai a seguinte consideración sobre o Teatro Principal. *“En la calle de la Paz hay un bonito teatro propio de D. Santiago Sáez, que lo construyó á sus expensas”*. Sufriu polo menos dúas importantes remodelación no tempo como veremos, a máis importante no ano 1915, coa instalación do cine.

Santiago Sáez Pastor, fundador do Teatro Principal era un rioxano, natural de Pedroso de Rioxa, casado con Juliana Pastor, matrimonio do que nacen polo menos dous fillos: Rufino e Ignacio, os que no ano 1860 figuran como contratistas de tramos diversos de estradas en construción na provincial de Ourense.

Os decendentes do fundador do Teatro Principal exercen de banqueiros en Ourense, por outra parte profesión da súa familia, os Sáez Pastor. Este mesmo Ignacio no ano 1880 aparece nos papeis como comisionado do Banco de España en Ourense, sendo o delegado do banco, Estanislao Carreño. Polo tanto Ignacio Sáez, propietario do Teatro Principal foi ademáis o primeiro director do Banco de España en Ourense.

Por EL HERALDO GALLEGO, número 384, temos constancia da existencia do mesmo Teatro Principal no 1880, pois o 25 de maio, constitúese a “Sociedad Coral Orfeón Orensano” que presentan no Teatro Principal desta cidade ó Orfeón Ourensán, dirixido polo xove e avantaxado músico Arturo Fernández.

Noutra publicación de Arturo Vázquez, “Guía del Viajero de Orense”, dese mesmo ano 1880, recóllese a existencia do Teatro Principal entre as infraestructuras lúdicas da capital.

Hai cento dez anos publicábase unha Guía de Galicia na que se facía referencia a que en Ourense, *“hay dos teatros, uno público en la calle de la Paz, decorado con elegancia y de capacidad suficiente para la población y otro perteneciente a la sociedad”*.

Este teatro que ten máis de século e medio, único público, naqueles anos, era o lugar do ocio máis selecto da cidade, compartindo esta categoría co fenecido Casino, situado na Praza Maior e co Liceo Recreo Ourensán, fundado por unha serie de menesterosos no ano 1850.

O primeiro autor teatral ourensán vivo en ser representado no Teatro Principal foi D. Juan de la Coba y Gómez, Xan da Coba para Lamas Carvajal.

O Teatro Principal adicouse nos seus primeiros anos ás compañías de teatro que visitaban a cidade, as compañías de zarzuela, concertos de coros, conferencias e demais actos culturais e de divertimento, que non eran por certo tan comúns como nos tempos que correron despois.

Tódolos actos do Teatro Principal nos primeiros anos da Restauración borbónica, tiñan unha certa transcendencia no resto da cidade, así por exemplo, o diario EL ECO DE ORENSE, do sábado 22 de

febreiro de 1890, nunha das súas columnas adicadas á cidade comentaba non sen certa gracia, que “*se anuncia la llegada de una compañía de zarzuela. Que es buena. Los seductores de coristas fáciles buscan con ansiedad cuartos desalquilados...*”

Outro acto obrigatorio anualmente no Teatro Principal da década dos noventa do século pasado era o Antroido, que non vivía precisamente o mellor tempo. No Principal facíase exhibición de traxes e segundo *El Eco de Ourense* de febreiro de 1991, neses desfiles de traxes existía unha certa anarquía, aínda que as afeccións políticas eran as preferidas das expansións carnavalescas. Despois da exhibición de traxes no Principal facíase un baile, que competía cos actos a celebrar nos cafés Méndez Núñez e La Regional, así como cos do Liceo Recreo.

Nas crónicas do noventa do século pasado, o Teatro Principal coñecíase tamén como o Coliseo da rúa da Paz, onde actuaban esas compañías que eran un antecedente do circo, case todas elas con nome de “Compañía Rusa”, que sorprendían ó vecindario polos seus efectos de ilusión, traballos mecánicos e cadros históricos, etc... case sempre dirixidas por coreógrafos de nome italiano.

O grande poeta civil de Galicia no século pasado, Manuel Curros Enríquez, fixo en vintecatro horas, unha “Loa” adicada ó Padre Feijóo, verso longo en castelán, para a compañía de Luis Blancy, representada no Teatro Principal o día 3 de xuño de 1879.

O día trece de xullo de 1883 chegou a Ourense, o vate José Zorrilla, sen que saíse a recibilo ningunha comisión científica, segundo conta o capitán do exército Juan Neira Cancela, en *EL ECO DE ORENSE*, nun artigo “in memoriam” polo poeta e publicado dez anos despois. Nese artigo Neira Cancela comenta que José Zorrilla actuou no Teatro Principal, lendo, recitando e cantando inimitables composicións neste vello coliseo con aquela dozura, e aquel arte, que tiverón máis tarde tan destros imitadores en Grillo, Ferrari e Sahaw.

Nestes anos cando visita a cidade algún escritor ou artista importante a súa presenza no Teatro Principal era inevitable. Ocorre o mesmo ca Condesa de Pardo Bazán cando asiste ós actos da inauguración da actual Casa Consistorial e para a celebración posterior duns Xogos Florais ou coa coñecida poetisa Sofía Casanovas, quen viña con frecuencia por Ourense.

As comedias e obras teatrais tiñán presenza obrigatoria no Teatro Principal, así por exemplo no ano 1893, en sesión de noite ten lugar o 6 de xuño a representación das coñecidas comedias: *EL PAÑUELO BLANCO* y *EL SOMBRERO DE COPA*.

O teatro tamén se alugaba para actos corporativos ou de divertimento.

Doutras actividades típicas hai unha centuria, no Principal eran os concertos de grupos que viaxaban por toda España, pero os que máis realce tiñan eran os dos conertistas locais.

Un dos acontecementos máis importantes do Antroido de 1886, foi, sen dúbida a actuación da Tuna Compostelá no Teatro Principal e o seu paso por Ourense, que relata dun xeito extraordinario Valentín Lamas Carvajal no seu “O Tío Marcos da Portela” do 21 de marzo dese ano.

Entre 1917 e 1919, “O Tío Marcos da Portela” recolle varios actos celebrados no Teatro Principal.

En decembro de 1917 estréanse tres obras de teatro, nunha etapa de friaxe moi acentuada e que comenta Prado Lameiro, “vai o inverno de xiadas e de estrenos”. *Tres obras teatrais se estrearon estes días en menos do que canta o galo. “Pedras gaiayas” de Villarino de Sáa; “A Tiriteira”, de Álvarez Nóvoa, e “O pecado de Adán”.*

A Asociación da Prensa de Ourense, utilizaba o Teatro para os seus festivais, sendo o primeiro en 1918.

O Centro das Sociedades Obreiras, tamén constitúe na etapa restauradora o seu grupo de teatro que fai os seus intentos no Teatro Principal o día 30 de abril de 1919, presentando un coro infantil.

No programa de festas do Corpus Christi de Ourense do ano 1919, as festas despedíronse ás dez da noite do día 19 de xuño cun grande baile dado pola Sociedade Unión Artística, no Teatro Principal..

A Sociedade Filharónica de Ourense creada no ano 1919, iniciou a súa andadura no Teatro Principal, cun concertó de Manolo Quiroga.

O punto de ruptura ou de inflexión do Teatro Principal prodúcese no ano 1915, cando decide competir no mundo do cine, despois de levar adiante importantes reformas. Estaba previsto que o novo grande espectáculo daqueles momentos inaugurárase no Principal o 30 de novembro de 1915, un sábado, e con novo empresario, disposto a dar a coñecer ó plúlblico ourensán o máis novo e mellor que se fixo ata o día no moderno arte do cinema; para elo contou cun potente aparato de proxeccións, que permitirá ver con toda claridade as escenas, sen molestala vista do espectador. Contaba cunha serie de adiantos técnicos para a época moi significativos. Por exemplo, a cabina tiña unha serie de medidas de seguridade como eran a construción en ladrillo refractario e ferro, que diminuían o seu perigo no caso de incendio.

A primeira cámara de proxectar era un “Pathé inglés” e a primeira película exhibida tituábase: “VIVA EL REY”.

Os prezos eran de corenta céntimos, catro cás a butaca, e catro cadelas a entrada de xeral.

O novo empresario do teatro chamábase José Riande, e na data prevista comenza a funciona-lo Teatro Principal preferentemente como cine.

O cine deixaba paso nalgunha ocasión na ocupación a actos importantes cando se alugaba, como aconteceu no decembro de 1917 *“para un acto de afirmación conservador, no que interviron os oradores de máis creto do momento, señores Goicoechea, Calvo Sotelo, Galinsoga e Miguel Maura, quenes expuxeron clara e fermosamente o credo político-social que iniciou o sostén eminente home político e insigne estadista español D. Antón Maura”*.

No ano 1936 celébrase o Congreso das Mocidades Galeguistas, que ten lugar neste teatro e no que se producen encendidos debates nos que participan os galeguistas que máis tarde influirán decisivamente en distintos campos da cultura galega. Entre outros participan neste congreso, cofrades tan coñecidos como os irmáns Illa Couto, Ramiro e Xaime, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Castro Arinses, Ramón Piñeiro, Enrique Álvarez, Luis Taboada, Pinguita, Berxano, Álvaro Cunqueiro, Manolo Blanco, etc.

Despois viría a guerra e a posguerra, un período no que o Principal se converte nun templo da cinematografía, sobre todo para os máis novos, pois a xente maior sempre tivo un certo reparo para gastalos cartos no cine, aínda que lle gustase. Sería o Principal onde inaugurárase en Orense a sesión infantil, que tiña lugar os domingos ás 15:030h. e nela presentábase unha película normalmente fóra de circulación, por requetevista ou porque era idónea para nenos. Comparte durante este anos a ocupación do Principal co cine, algún que outro festival de tipo benéfico, a actuación das compañías de teatro e zarzuela que pasan por Ourense, seso si, xa en competencia co Teatro Losada, co Cine Mary , o Teatro Xesteira e o Cine Avenida e máis tarde con outro do barrio da Ponte, o Cine Yago.

Na “transición” péchase e agora todos temos que felicitarnos que funcione de novo, remodelado e para exercer de centro cultural da cidade durante outros cento cincuenta anos.

Pero coa memoria histórica e actual do Teatro Principal, coa xente que mora e vive en Ourense, cecais o fundador do mesmo sexa un personaxe e unha anécdota para os curiosos. A persoa central na memoria vivente do Principal é un home, un empregado, que podía ser calificado de toda unha institución, pois nos últimos trinta anos, cando se ía ó Principal, ademáis da película, había outro personaxe que facía historia local a diario. Un home que era o encargado das filas do galiñeiro, un censor do posible silencio e por suposto incapaz de logra-la socialización do saber estar nun cine, porque lle entrabo ó trapo á rapazallada condo non se divertía o suficiente coa película, buscaba outros argumentos para face-lo seu “currículum”, pois ente os clásicos dos cincuenta e sesenta do século XX, tódolos ourensáns tiñan que ser depositarios dunha falcatruada castigado polo PERIPEPE. Este home terrorífico coa linterna, nunca puido facer bo do Celsito, da Socorrito, do Pavón ou de moitos outros que dende o galiñeiro, se levaban o bocadillo de

salchichón da casa, este tiña que voar ata as cadeiras de butaca. Barrasadas que obrigaban o PERIPEPE a ser un corredor de fondo perpetuo entre as bandas de estribor e de babor do galiñeiro.

PERIPEPE, converteuse co paso do tempo nun dos persoaxes máis admirados da rapazallada dos anos cincuenta e sesenta en Ourense. O seu nome debe quedar na memoria histórica do Principal.